




PONTEDEUME

RUTA



HERÁLDICA



Cemiterio Municipal



RUA VALERIANO VILLANUEVA

Xardins de Lombardero



AVENIDA DE LOMBARDERO




Torreón dos Andrade



RUA INMACULADA

Biblioteca Municipal



RUA COUCEIRO FREIJOMIL

RUA DA PESCADERIA

PRAZA DO CONDE



Pazo de Rajoy

Casa do Concello

RUA REAL


Capela do Carme



AVENIDA RICARDO SANCHEZ



NOGUEIROSA




RUA DA PESCADERIA



RUA SANTIAGO



Igrexa de Santiago



RUA DA IGREXA



TRAVESA REAL

PASEO DE RAJOY

Igrexa das Virtudes



PRAZA DE SAN ROQUE


**P**ontedeume conta cunha longa historia reflectida no seu rico patrimonio artístico e monumental; son moitos os séculos e acontecementos que contemplaron as súas rúas e edificios de pedra. Son precisamente estas pedras as que nos falan do noso pasado, deixando constancia en ocasións de quen foron os seus protagonistas, mesmo con nomes e apelidos. Estas pedras que nos falan de eumeses ou familias doutros tempos son os numerosos escudos que podemos atopar polas rúas e edificios de **Pontedeume**. Algún deles pertencentes ás liñaxes da máis alta nobreza, outros máis humildes, da fidalguía local; pero todas pezas importantes da heráldica do noso pasado, verdadeiras obras de arte, que contribúen a enriquecer o patrimonio eumés cos seus símbolos e representacións<sup>1</sup>.

A ruta da heráldica eumesa parte da Oficina de Turismo e *Torreón dos Andrade*, pero para moverse uns metros ata a entrada dos *Xardíns de Lombardero*, onde se pode contemplar un **escudo da vila de Pontedeume**. Non ten a antigüidade doutros que veremos posteriormente, pero é un bo punto de partida para comprender a relación da heráldica coa historia da vila.

---

<sup>1</sup>Gran parte da información foi extraída de VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica de la villa de Pontedeume*, Círculo Filatélico "Eume", Pontedeume, 1976, e de ARACIL RODRÍGUEZ, C., BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico de las comarcas de Eume y Ortegál*, Deputación Provincial de A Coruña, 2011.






No escudo de **Pontedeume** aparecen representados unha ponte de tres arcos, simbolizando a ponte de pedra, e sobre este as figuras dun oso e un xabari, animais tométicos de **Fernán Pérez de Andrade “o Bo”**, primeiro señor de **Pontedeume**. Enriba deles unha torre, simbolizando o *Torreón*. A maiores, o escudo actual conta cunha coroa real no timbre.

Despois de comezar co escudo da actual vila de **Pontedeume**, volvemos ao *Torreón* para contemplar na súa fachada sur o **escudo** barroco de **don Francisco Ginés Fernando Ruiz de Castro y Andrade** (1666-1741), *XI conde de Lemos e VIII conde de Andrade*, realizado a finais do século XVII, quizais a raíz dunha das escasas visitas que os condes de *Andrade* fixeron á vila durante os séculos posteriores á unión coa *casa de Lemos*<sup>2</sup>. Contén as armas dos *Castro* (seis roeles<sup>3</sup>), posiblemente *Enríquez de Castela* (león rampante e castelo), posiblemente *Mendoza* (león rampante e cuartelado en aspa): primeiro e cuarto unha banda, segundo e terceiro lisos con inscrición “*Ave Maria Gratia Plena*”; e a banda coa lenda piadosa *Ave María dos Andrade* abaixo á dereita. Sobre este conxunto, unha coroa condal e un anxo sostendo unha filacteria coa divisa **NOLITE**

<sup>2</sup> Sobre isto, CASTRO ÁLVAREZ, C. de, “Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación Morfoloxía y Actividad en el Espacio Público (1270 -1970), Concello de Pontedeume, 2007, p. 114.

<sup>3</sup> Pezas circulares moi frecuentes en heráldica.






**NOCERE** (“non fagas dano”). Aos lados, as dezaioito bandeiras flordelisadas<sup>4</sup>, gañadas por *Fernando de Andrade*, primeiro conde de *Andrade*, na *batalla de Seminara* perante os franceses (no ano 1503). Abaixo, o colar da *Orde do Toisón de Ouro*, fundada polo *Duque de Borgoña Filipe o Bo* (co carneiro característico) que *Carlos II* lle concedeu a *don Ginés*. Este escudo principal está rodeado de follas grandes, quizais de carballo, e conta tamén cunha cuncha entre grandes follas e adornos florais que sosteñen a coroa. Nos extremos da parte superior vense dúas figuriñas á maneira de alfís do xadrez, unha a cada lado. E todo o conxunto, nas súas tres partes, central (case a totalidade do escudo), superior (que enmarca o anxo) e inferior (que contén a insignia do *Toisón de Ouro*) está rematado por unha sinxela cenefa<sup>5</sup>.

Continuaremos a nosa ruta pola *praza do Conde* e tomando a man esquerda a rúa *Inmaculada*, co seu firme de lousas característico, onde veremos representados o **oso e o xabari de Fernán Pérez de Andrade**. Esta rúa vai na actualidade por onde ía a antiga muralla, e seguirémola ata a *praza de España*, onde estivo situada a porta da *Ponte*, posteriormente *Arco de Maldonado*, un dos últimos restos da muralla medieval da

<sup>4</sup> A flor de lis era símbolo dos reis de Francia.

<sup>5</sup> Vid. VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., pp. 7-8, e ARACIL RODRÍGUEZ, C, *BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., Inventario heráldico...*, o. c., p. 38





vila que foi derrubado no ano 1905<sup>6</sup>. Neste punto a ruta xira á dereita, subindo pola actual *rúa Real*, **Camión de Santiago** e a primeira referenciada na documentación. A poucos metros chegamos á *praza do Pan*, onde atopamos novamente exemplos da nosa heráldica.

A man dereita segundo se ascende pola *rúa Real*, na fachada da *casa nº 8-10*, está situado un pequeno **escudo** de forma oval, case circular, partido desigualmente, sen helmo nin remate, adornado con motivos vexetais. Das dúas particións en que se divide o escudo, a da parte dereita (esquerda segundo se mira) é máis pequena e contén cinco barras que poden corresponder aos *Varela*. No campo esquerdo (dereito segundo se mira), vense tres flores de lis e baixo unha delas unha roda aspada. No bordo, unha cadea<sup>7</sup>.

<sup>6</sup> Neste arco existiu outra mostra de heráldica eumesa correspondente á familia Pita da Veiga, que representaba aos liñaxes dos Maldonado, Pita, Timiraos e Montenegro. Ao ser demolida a casa, foi trasladado a outra das propiedades da familia. Sobre este escudo, ARACIL RODRÍGUEZ, C, BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., p. 47.

<sup>7</sup> Vid. VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., p. 23, e ARACIL RODRÍGUEZ, C, BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., p. 41.








Case á mesma altura pero no outro lado da *rúa Real*, atopámonos co pazo do **arcebispo Bartolomé Rajoy y Losada**, co seu **escudo** de armas na parte máis alta da súa fachada occidental. Este escudo barroco está dividido en catro cuarteis e conta con coroa ducal, símbolo da súa xerarquía como “**Señor da cidade de Santiago**”. Por riba da coroa, o capelo propio da súa dignidade arcebispal (sombreiro verde con cordóns entrelazados, soportando ou sostendo dez borlas cada un dos ditos cordóns, rematando en catro borlas cada un na súa parte inferior). Enriba deste sombrero, unha grande cuncha ou vieira de peregrino, e sobre esta unha cruz patriarcal. A ámbolos dous lados do escudo, dúas palmas, unha a cada beira, que quizais aluden a *san Bartolomé* mártir (o arcebispo naceu o 24






de agosto de 1690, día de *san Bartolomé*). Dos catro cuarteis nos que se divide o escudo, arriba á dereita (esquerda segundo se mira de fronte) atopamos un templo sobre unha arcada ou ponte, pertencente aos *Rajoy*; arriba á esquerda, os lagartos baixo as lousas dos "*Losada*"; abaixo á dereita, unha torre ou castelo en fachada do *Consistorio de Santiago*, sobre unha arcada ou ponte, ou a torre de prata dos *Vallejo* (o pai do arcebispo era *Rajoy Vallejo*); abaixo á esquerda, en campo de azur, banda de gules, perfilada de metal e cargada con tres estrelas de prata. Neste escudo eumés aparece o símbolo dos *Losada*, de orixe humilde, e non así na fachada do *Consistorio de Santiago*, onde aparecen os outros tres símbolos mais non o anterior<sup>8</sup>.

Vistos estes dous escudos, seguimos ascendendo ata a *praza Real* onde atopamos os dous seguintes. Están situados no edificio do *Concello*, un no seu interior e outro na fachada. O escudo que está no interior, á esquerda no vestíbulo, é un antigo exemplo de escudo da vila de **Pontedeume**. Está realizado con dous perpiaños desiguais, de granito, sendo labrado nunha época que non é posible fixar. O escudo é de estilo español e cun so cuartel, no que se representan a ponte de tres arcos e sobre eles o oso, o xabaril e a torre,

---

<sup>8</sup> VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., pp. 25-27; e ARACIL RODRÍGUEZ, C., *BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., Inventario heráldico...*, o. c., pp. 39-40.





Na fachada deste edificio atopamos unha das máis fermosas labras heráldicas da vila. Trátase do **escudo de armas de don Fernando Ruiz de Castro** (1506-1575), que casou con dona *Tareixa de Andrade*, unindo co seu matrimonio as *Casas de Andrade e Lemos*. Foi fillo de don *Dionisio de Portugal* e de dona *Beatriz Enríquez de Castro Osorio*, o que explica algunhas das armas pre-

<sup>9</sup> VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., p. 9.



sentes<sup>10</sup>. No escudo, labrado en seis perpiaños, aparecen as quinas e castelos de *Portugal*<sup>11</sup>, o león e o Castelo destes dous reinos (*Castela e León*), as barras de *Aragón e Sicilia*, os roeles dos *Castro*, leóns e castelos dos *Enríquez* e os lobos dos *Osorio*. Está o escudo arrodeado de catro esferas coa lenda **SPES MEA IN DEI**<sup>12</sup>, e completan a ornamentación unha coroa de sete floróns, trala cal aparece un anxo. As esferas están sostidas por uns fermosos entrelazados de animais quiméricos e frores tropicais (a época, segunda metade do século XVI, correspóndese coa dos descubrimentos americanos).

O escudo propiamente dito está cortado e partido na súa parte inferior. En canto á superior, aparece dividido en tres particións. Na do medio, as armas de *Portugal*, coas quinas arrodeadas de oito castelos. Á dereita do escudo os seis roeles da *Casa de Castro* e ao lado esquerdo, armas de *Castela e León*. Na parte inferior, á dereita, armas de *Aragón e Sicilia*; á esquerda, dos *Enríquez* e dos *Osorio*<sup>13</sup>.

---


<sup>10</sup> Don Dionisio de Portugal era fillo de don Fernando, duque de Bragança, e Isabel, filla de don Fernando, duque de Viseu. Este, á súa vez, era fillo de Eduardo I, rey de Portugal, e de Leonor de Aragón, filla de Fernando de I de Aragón. E este, finalmente, era fillo de Xoán I de Castela.

<sup>11</sup>As "quinas" son as armas de Portugal, cinco escudos azuis postos en cruz, e en cada escudo cinco diñeiros en aspa.


<sup>12</sup>Que probablemente se corresponda coa expresión *Spes mea in deo est*, "A miña esperanza está en Deus".

<sup>13</sup>VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., pp. 21-22; e ARACIL RODRÍGUEZ, C., BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., pp. 38-39.






Deixamos a *praza Real* e ascendemos uns metros máis pola *rúa Real* para xirar á esquerda e tomar a *Travesa Real*, rúa estreita na que están situados dous escudos máis. O primeiro, a man dereita na primeira parte desta rúa, no alto da nº 2 (sobre a taberna). Trátase posiblemente dun dos



escudos máis antigos da vila. No campo do escudo advírtense, na parte superior, cinco pequenas aves que poderían simbolizar a liñaxe dos *Seixas*, que xunto ás seis barras que van a continuación (dos *Varela*), sería *Varela* e *Seixas*. Na parte inferior, unha torre ou castelo almeado e unha árbore á dereita, que se se trata dun piñeiro aludiría aos *Piñeiro de Narahío*. Polo exterior, unhas pequenas bólas (21 ou 22) circundando o corpo do escudo. Este escudo semella ser o mesmo que o que podemos atopar na clave da bóveda da *capela do Sagrado Corazón* da igrexa parroquial, aínda que faltando os elementos exteriores<sup>14</sup>.

<sup>14</sup> VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., p. 31; e ARACIL RODRÍGUEZ, C., BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., pp. 42-43.





Seguindo pola *Travesa Real*, na segunda parte da rúa, a man esquerda na fachada da *casa nº 7*, atopamos outro escudo. Na súa parte dereita, unha aguia bicéfala e un castelo. Na outra parte, cinco barras paralelas e unha árbore debaixo.

A aguia podería ser a dos *Pardo de Aguiar*. No tocante á súa decoración exterior, a falta de timbre, en cada extremo da parte alta do escudo vemos unhas figuras como alfiles de xadrez, como no escudo do *Torreón*. Entre ámbalas dúas figuras, un círculo oval cuns signos: unha pequena cruz e, baixo dela, un ano (1745) ou ben unha cruz e na parte inferior as letras J. H. S. (o nome de *Cristo*)<sup>15</sup>. No lintel da porta da casa, un ano dá conta da antigüidade desde edificio: 1789.

<sup>15</sup> VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., p. 29; e ARACIL RODRÍGUEZ, C., BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., p. 43.





A ruta continua polo *Paseo de Rajoy*, deixando á esquerda o *convento dos agostiños* e a *Alameda*, ata chegar á *igrexas das Virtudes*. Esta igrexa, construída en 1378 por *Nuno Freire de Andrade* e reconstruída no século XVII, conserva na súa fachada un escudo da familia dos *Andrade*. Este escudo caracterízase pola banda de ouro engolada en cabezas de dragóns<sup>16</sup>. Na parte exterior a lenda **AVE MARIA GRACIA**, característica desta liñaxe (a lenda completa sería *Ave María Gracia Plena*). Nalgúns casos, pode vir escrito na banda as palabras **AVE MARIA**.

Ao outro lado da fachada un corazón inflamado atravesado por tres frechas, coas puntas cara abaixo, simbolizan a **Orde de Santo Agostiño**.

No interior da igrexa, hai escudos no retablo cos seis roeis dos *Castro* e a banda dos *Andrade*, baixo cuxo padroado foi realizado o templo orixinal. No altar hai outro corazón da **Orde de Santo Agostiño**<sup>17</sup>.

---


<sup>16</sup> A banda simbolizaba a pertenza á “orde da banda”, orde leiga de cabaleiría fundada en 1332 por Afonso XI de Castela e á que pertenceron os ascendentes de Fernán Pérez de Andrade III, o “Bo”, primeiro señor de Pontedeume e coetáneo á construción da igrexa das Virtudes.

<sup>17</sup> ARACIL RODRÍGUEZ, C, BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., pp. 34-35.






A continuación, partindo do adro desta igrexa, subiremos pola *rúa das Virtudes* ata chegar á *praza de San Roque*. Nesta praza, na parte esquerda segundo chegamos das *Virtudes*, atopamos un **escudo** recente de **Pontedeume** na fachada da **casa nº 12**. Ten unhas letras aos lados da torre representada, que fai que se diferencie do escudo oficial.




*Praza de San Roque*  
ESCUDO DE PONTEDEUME NA CASA Nº 12



Para seguir coa nosa ruta, sairemos da *praza de San Roque* en dirección á igrexa parroquial, tomando a *rúa da Igrexa*. Iremos por esta rúa deixando á nosa dereita a igrexa, e na fachada dunha das casas (a do **nº 19**) poderemos contemplar un **escudo** recente de *Galicia*, co cáliz e as sete cruces que simbolizan as sete antigas provincias do reino. No timbre, a coroa do propio reino, que deixou de existir como reino integrado dentro da *Coroa de Castela* coa chegada do *Liberalismo* no século XIX.



Seguiremos por esta rúa ata alcanzar o adro da *igreja parroquial de Santiago*. Neste lugar consérvanse os derradeiros restos da antiga muralla de orixe medieval da vila, onde ademais podemos contemplar outro dos exemplos de heráldica de **Pontedeume**. Este *escudo* pertenceu a un cabaleiro de *Santiago*: don **Juan Benito Piñeiro de Ulloa, II Marqués de Bendaña**. De estilo español, curvado na parte superior para que se poida distinguir o extremo superior da *Cruz de Santiago*. Está partido, rematado por un helmo e arrodeado de adornos barrocos. Na metade dereita do escudo, un castelo sobre unha rocha e, xunto a el, un piñeiro. Na outra metade, as armas dos *Ulloa* (pequenas faixas situadas de tres en tres, con forma de cadrado),




o que indica que este escudo pertencía á liñaxe dos *Piñeiro de Ulloa*. Os *Piñeiro* foron unha das máis destacadas liñaxes das comarcas de *Ferrol* e **Pontedeume**<sup>18</sup>.

<sup>18</sup> VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., pp. 35-36; e ARACIL RODRÍGUEZ, C., *BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., Inventario heráldico...*, o. c., pp. 44-45.



Os seguintes *escudos* están xa na propia igrexa, na súa fachada e no interior, sobre o sepulcro de don **Fernando de Andrade**, na capela maior. O escudo da fachada foi realizado á par que esta, en 1763, e pertence á familia dos **Andrade** trala unión coa *Casa de Lemos*, no século XVI. Está partido coas armas dos *Castro* (os seis roeles) e a banda engolada por dúas cabezas de dragón co lema dos *Andrade* (*Ave Maria*), con helmo con penacho no timbre mirando cara a dereita e brazo en alto armado de espada. O centro do escudo está arrodeado coas 18 bandeiras da *batalla de Seminara*<sup>19</sup>.




<sup>19</sup> ARACIL RODRÍGUEZ, C, BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., pp. 29-30.



No interior, o *escudo* do monumento funerario de don *Fernando de Andrade, I Conde de Andrade e VIII Señor de Pontedeume, Ferrol e Vilalba*, é semellante<sup>20</sup>. Con todo, o escudo non é propiamente o de don *Fernando*, pois as armas dos *Castro* foron engadidas a raíz do matrimonio da súa filla con don *Fernando Ruiz de Castro Osorio*, polo que fai alusión á unión destas dúas liñaxes. O curioso deste escudo é que a filacteria co lema dos *Andrade* (*AVE MARIA GRACIA PLENA DOMINUS TECUM BENEDITA IN MULIERIBUS*) arrodea tamén as armas dos *Castro*<sup>21</sup>. No retablo maior desta capela maior podemos observar tamén outros dous exemplos, un a cada lado, coas armas dos *Castro* e os *Andrade*.

ESCUDO DO SEPULCRO DE DON FERNANDO DE ANDRADE

*Igrexa de Santiago*



<sup>20</sup> A igrexa abre, polo xeral, en horario de tarde.

<sup>21</sup> ARACIL RODRÍGUEZ, C, BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., p. 30.



Noutros lugares do templo podemos atopar máis exemplos: na clave da bóveda da *capela do Sagrado Corazón de Xesús* (ao que xa aludimos) e no seu altar o **Corazón inflamado de San Agustín**; as **Armas de Ponte-deume** no altar da *capela da Santísima Trindade*; e outros exemplos en diferentes altares e retablos<sup>22</sup>.

Volvendo ao adro da igrexa, a ruta seguirá baixando as escaleiras que parten do lateral da capela maior, pasando por diante da estatua de *san Nicolás de Tolentino* ata a *rúa Real*. Pronto colleremos a *rúa Mancebo* que comeza á nosa esquerda, e continuamos por ela ata a *rúa Santiago*, a primeira que atopamos á dereita.

Nesta rúa está o seguinte **escudo**, na fachada da **casa nº 42**. No seu borde, e repartidas a igual distancia unhas das outras, oito aspas. A parte interior está partida; na dereita, dez corazóns, e na esquerda unha aguia e tres frores de lis. O escudo está rematado por un helmo e arrodeado de ornamentación barroca. Non se sabe a quen podía pertencer<sup>23</sup>.


---

<sup>22</sup> *Ibíd.*, pp. 31-33.

<sup>23</sup> VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., p. 37.








*Rúa Santiago*

ESCUDO CASA Nº42



Visto este escudo, voltaremos outra vez á rúa *Mancebo* ata chegar á rúa *Pescadería*, onde atopamos o seguinte exemplo da nosa heráldica, a pouco de baixar por ela. Na fachada da **casa nº 48**, á dereita, atopamos unha pedra armeira, finamente labrada. O **escudo** é circular e dividido por unha cruz en catro partes. No superior da dereita (esquerda do espectador), un castelo e tres faixas ou barras horizontais. No da esquerda, tres faixas que corresponden aos *Soutomaior*. Na parte inferior dereita, unha  *cruz de Calatrava* con cinco veneras, dos *Rivadeneira*. Na esquerda, un castelo con




almeas e, diante del, un cabaleiro con armadura entre dous leóns. No timbre, un helmo con penacho de plumas<sup>24</sup>.

<sup>24</sup> *Ibíd.*, p. 33.




Proseguimos a ruta baixando a *rúa Pescadería* ata chegar ao cruce coa *rúa da Cátedra*, que tomamos. Neste punto situámonos diante da antiga *Cátedra de Latindade* e actual *Biblioteca*, onde atopamos os **dous** últimos **escudos** desta ruta, flanqueando a entrada do edificio. Na parte esquerda da porta (dereita do espectador) hai un escudo de forma oval e cuartelado, coa banda engolada dos *Andrade* na parte superior dereita. Na esquerda, un castelo e un animal, que se fora un lebrei faríanos pensar nos *Piñeiro*. Na parte inferior dereita, tres columnas, dúas servindo de apoio para a terceira e, ao seu lado, unha flor de lis. Na parte esquerda, tres barras horizontais e unha roda hidráulica. Aínda que nas partes superiores aparecen as armas dos *Andrade* e, quizais, dos *Piñeiro*, non quita que este escudo poda ter relación con don *Juan Beltrán de Anido*, fundador por disposición testamentaria da *Cátedra* en 1580<sup>25</sup>.



<sup>25</sup> *Ibíd.*, p. 11.



E xa por fin, ao outro lado da porta da *Biblioteca*, o **escudo de armas da vila de Pontedeume**, coa ponte de tres arcos, o oso e xabaril e a torre, sen timbre, coincidindo en feitura co escudo que hai no interior da *Casa do Concello*. Rematamos esta ruta, polo tanto, como a comezamos: co escudo de **Pontedeume**.







EPÍLOGO: para quen teña ganas de continuar camiñando e contemplando outros exemplos da heráldica eumesa, contamos con catro exemplos máis na capela do *cemiterio municipal*, inaugurado en 1888. Están situados nas pendentés que sosteñen a cúpula. Dous conteñen as armas do fundador da súa liñaxe. No primeiro aprécianse cinco cabezas de lobos, con casco e penacho de plumas ao timbre, símbolo dos *Mosquera*. No segundo atopamos unha árbore e dous animais, quizais dous touros, un a cada lado da árbore e enfrontados a el. Ao timbre casco de perfil cara a dereita con penacho de plumas, dos *Tenreiro*.

Os outros dous escudos son tamén identificables: rematados con coroa real antiga, o primeiro amosa unha cruz con flor de lis que alude á condición de cabaleiro dunha *Orde Militar*, que podería ser a de *Calatrava* ou *Alcántara* segundo fose vermello ou verde a súa cor (que na pedra non se percibe), ou da *Orde de Santo Domingo* e da *Inquisición*. O outro, tamén rematado pola coroa, ten unha cruz no centro a todo o alto, flanqueada por unha espada e unha palma. A cruz, espada e palma constitúen os atributos do *Tribunal da Inquisición*, armas que empregaban os que pertencían a ela, desempeñando cargos como o de *Inquisidor*, *Comisario* ou *Familiar do Sto. Oficio* <sup>26</sup>.

---

<sup>26</sup> IVÁZQUEZ REY, A., *Heráldica...*, o. c., pp. 39-40; e ARACIL RODRÍGUEZ, C., BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., pp. 35-36.








A maiores destes, contamos con outro exemplo da nosa heráldica a uns 15 minutos andando desde o centro do pobo. Trátase dun **escudo** que podemos atopar na fachada da *capela do Carme*, no lugar de *Esteiro* (parroquia de *Nogueirosa*), á cal chegamos desde o final do paseo marítimo, na súa parte do  *río Covés*, seguindo o roteiro peonil que ascende ata o *Castelo de Andrade* (no cal, por certo, poderemos atopar outros exemplos do escudo dos *Andrade*). O **escudo da capela do Carme** correspóndese co escudo da *orde dos carmelitas*, orde católica fundada no século XII por un grupo de eremitas, inspirados polo *profeta Elías*, que se asentou no *Monte Carmelo* (en *Palestina*). O escudo está formado por unha montaña que simboliza o *Monte Carmelo*; tres estrelas, unha inferior de prata que simboliza aos que están ascendendo a montaña, e dúas superiores de ouro que simbolizan aos que remataron a santa peregrinación; e unha coroa que simboliza o *Reino de Deus*, con 5 estrelas (que no escudo orixinal da orde serían 12) que simbolizan á *Virxe*. A maiores, os escudos desta orde conteñen o brazo armado cunha espada de lume do *profeta Elías* e unha cita en Latín, así como en ocasións, nos territorios do antigo *reino de Castela* (como era *Galicia*), unha cruz no vértice da montaña.

Ademais, no interior desta capela podemos atopar no retablo o escudo dos fundadores, no cal aparecen



unha **crux** dunha **orde de cabaleiría** (posiblemente de *Calatrava*, aínda que non se conserva a súa cor orixinal e por iso non se pode precisar) e un **escudo da Inquisición**, polo que podemos supoñer que o fundador da capela foi comendador do *Tribunal do Santo Oficio*.

A través destes exemplares da heráldica eumesa esta *capela do Carme* queda vinculada coa capela do cemiterio, que tamén formou parte do patrimonio dos *Azpilcueta*.





Xa por último, podemos atopar máis exemplos destacados dentro do termo municipal, na *ermida de San Miguel de Breamo* (blasón con castelo e aguia, acompañados de dúas estrelas de oito puntas, unha a cada lado da base) e no *castelo de Nogueirosa* (onde podemos atopar varios escudos dos *Andrade*<sup>27</sup>.

---

<sup>27</sup> ARACIL RODRÍGUEZ, C, BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Inventario heráldico...*, o. c., pp. 36 e 46 respectivamente.



[www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)



Deputación  
DA CORUÑA



*Ponte deume*



